



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

# GALICIA LABORAL

**LOITA polo TEU ÚNETE**

ISSN 1989-3299 N° 859 Semana do 18 ao 24 de novembro de 2019

## UGT CHAMA Á MOBILIZACIÓN O 27 CONTRA O DESPEDIMENTO POR ENFERMAR

**O Sindicato convoca concentracións na Coruña, Ourense, Santiago, Vigo, Lugo e Pontevedra contra a sentenza do Tribunal Constitucional**

**Redacción.-** UGT e CCOO anuncia- ron a convocatoria de mobilizacións para o 27 de novembro en todo o país, baixo o lema “Non ao despedimento por enfermar. Defende os teus dereitos”, contra a sen- tenza do Tribunal Constitucional que avala o despedimento obxectivo para as baixas xustificadas, grazas ao artigo 52.d do Esta- tuto dos Traballadores impulsado pola re- forma laboral de 2012.

Pepe Álvarez reclamou a participación dos traballadores e traballadoras nestas mobilizacións. “É importante que os maxis- trados do Tribunal Constitucional coñezan ata que punto a súa sentenza é rexeitada pola inmensa maioría das persoas do noso país. Esta sentenza é a pinga que colmou o vaso. Vén poñer de manifesto ata que punto a reforma laboral de 2012 só serve para explotar máis aos traballadores e tra- balladoras, a deixarlles sen ningún tipo de seguridade nin dereito; ata que punto pode ser cruel e inhumana coas persoas traba- lladoras”.

Neste sentido, sinalou que “espera- mos que haxa unha resposta contundente na rúa contra esta sentenza e a favor de acabar coa reforma laboral e con este ar- tigo. Nós ímolo a facer en termos xurídicos tamén, porque non queremos que quede impune unha sentenza que contravén arti- gos fundamentais da Constitución e rompe co dereito do traballo tal e como o coñece- mos”.

### A reforma laboral só serviu para fomentar o despedimento e desregular as relacións laborais

Para o secretario xeral de UGT, o novo Goberno debe abordar esta cuestión de maneira inmediata, porque a reforma labo- ral de 2012 “o único que fixo é fomentar o despedimento, desregular as relacións la- borais e revertir dereitos. É mentira que a reforma servise para crear emprego. En 2012 e 2013 destruíronse 1,2 millóns de empregos, e só empezouse a crear postos

de traballo cando o país conseguiu crecer economi- camente”.

“A reforma labo- ral permitiu es- nauquizar o mer- cado de traballo e as relacións labo- rais no noso país”, asegurou. “Se non a derro- gamos e non res- tauramos os de- reitos da negociación colectiva, vai ser im- posible poder re- cuperar os salarios. Mentres as empresas poi- dan continuar su- brogando a súa actividade, rebai- xando os salarios ou utilizando a ul- tractividade para non aplicar o con- venio, a negocia- ción colectiva non será efectiva por moito que queira- mos as organiza- cións sindicais”.

### Recuperar o Pacto de Toledo a partir do Acordo Social de 2011

Outro aspecto fundamental a abordar na nova Lexislatura é a derogación da re- forma das pensións de 2013. “Queremos recuperar o Pacto de Toledo a partir do Acordo Social de 2011. Hai que darlle futuro á Seguridade Social e garantir a viabilidade económica do sistema, pero para iso é im- prescindible derrogar a reforma de 2013”.

Neste sentido, afirmou que “os novos actores políticos que forman o Congreso

poden facernos reconsiderar a idea de con- senso xeral que presidiu os acordos do Pacto de Toledo ao longo da historia. Hai que tentar que se hai alguén que bloquea este acordo, non impida que haxa unha maioría moi ampla que poida pechar unha das patas fundamentais do Estado de Be- nestar no noso país. O Pacto de Toledo pode ser un dos lugares onde os cidadáns podamos visualizar ata que punto a ultra- dereita só mira ás clases poderosas, aos que teñen máis. Un sistema de pensións privatizado non pode dar resultados posi- ti-

Continúa na páxina seguinte...

LOCALIDADE	HORA	LUGAR
A CORUÑA-CEE	12h00	XULGADO.R/ MONFORTE
OURENSE-VALDEORRAS-VERIN	12h00	XULGADO. R/ VELAZQUEZ
SANTIAGO	12h00	XULGADO.RC/ BERLIN
VIGO	12h00	XULGADO. R/ LALIN
LUGO	12h00	XULGADO. PRAZA AVILES
PONTEVEDRA	12h00	AUDIENCIA. R/ ROSALIA CASTRO

...vén da páxina anterior.

vos para as clases populares. Non pasou nin en Chile, nin en Arxentina nin en ningún outro país”.

## Non é verdade que en España sexa máis caro despedir que na contorna europea

Preguntado polas declaracións da ministra de Economía, Nadia Calviño, Pepe Álvarez asegurou que “non é verdade que en España sexa máis caro despedir que na contorna europea. Hai que ver a lexislación de cada país. Hai elementos que se contraponen nalgúns países que fai imposible que se poida proceder ao despedimento. Aínda que a contía económica poida parecer máis baixa, o sistema impide que se poida producir o despedimento. Por iso, nunha fase que debería ser de construír un novo proxecto político de progreso, convén que deixemos de lado a propaganda. Non vai axudar nin ao diálogo social nin a poder avanzar”.

Un diálogo social que hai que recuperar coa CEOE. “Os cambios que necesita o noso país non se poden facer sen ir da man da patronal. As reformas

que se acordan cos empresarios teñen moito máis valor para a estabilidade do país que as que se fan de maneira unilateral. CEOE ten que deixar de enredar e sentar a negociar. Nós non imos dar nin un paso atrás, non imos ir a unha negociación suicida na que esteamos sempre no día da marmota, porque iso é perder o tempo. Hai que entrar nunha vía razoable de diálogo e de restauración de dereitos. Se non vemos avance na negociación, teremos que traballar noutras estratexias que nos permitan solucionar os problemas das persoas”.

## Un Goberno de progreso de maneira inmediata

Por todo iso, reclamou a necesidade de “constituír un Goberno en España. Esta situación que vivimos non é sustentable. As persoas non poden esperar e os seus problemas tampouco. O novo Goberno debe responder ao voto maioritario dos cidadáns e cidadás. Hai unha maioría claramente de progreso, de esquerdas, onde hai un compromiso de abordar moitas das cuestións que expomos os sindicatos”.

Matemáticas que pasan necesariamente, segundo Pepe Álvarez, “por falar

con ERC. Esta formación ten un compromiso cun programa político que ten que lixar os graves problemas na sociedade española e catalá. Esperamos que se configure esta maioría, que debería ter un compromiso claro desde o punto de vista da política orzamentaria. En pouco tempo, haberá que facer o que non se fixo en moito tempo no pasado”.

## Restablecer a situación en Catalunya

En relación ás últimas declaracións do presidente de Seat, Luca de Meo, onde asegurou que a inestabilidade de Catalunya asusta aos investidores da compañía, o secretario xeral de UGT considerou que “os diferentes momentos de Catalunya nos últimos anos fóronse superando. O que parece necesario é restablecer a circulación e as posibilidades de funcionamento da economía con normalidade. Non se poden manter no tempo os cortes de autoestrada que veñen facendo sen ningún tipo de previsión e as manifestacións que impediron traballar á cadea de produción dalgunhas empresas. O chamamento de Luca de Meo é a expresión dunha situación que non se pode manter en Catalunya no tempo”.

# OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO ENSINO PÚBLICO EN GALICIA MOBILIZÁRONSE PORQUE “SON HORAS. SON DEREITOS”

*A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo acolleron sendas concentracións en demanda da recuperación dos dereitos perdidos*

**Redacción.-** Dando continuidade ao calendario de mobilizacións iniciado xa hai unhas semanas, os traballadores e traballadoras do ensino público en Galicia protagonizaron, convocados por FeSP-UGT, xunto cos outros sindicatos do ensino, concentracións na tarde deste xoves nas cidades da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo pola recuperación dos dereitos perdidos. Esta será a antesala, se a Consellería de Educación non modifica a súa intransigente postura, á folga convocada para o vindeiro día 12 de decembro.

A base do conflito está na negativa de Educación a negociar sobre a recuperación dos horarios lectivos existentes antes dos recortes do ano 2011.

Para a secretaria do sector de Ensino de FeSP-UGT, Paula Carreiro, esta actitude constitúe “un menosprezo á labor do profesorado. Na época dos recortes, se lles apertou o cinto ao máximo e despois, coa recuperación, os incrementos de orzamento van para ou-

tras partidas, deixando de lado ao profesorado”.

O argumento dos responsables da Consellería de Educación é que non van negociar nada, ata que non se lles conceda un incremento orzamentario por parte do Goberno central para implantalos. Curiosamente, noutras comunidades recuperouse o horario lectivo sen modificación algunha no orzamento. Incluso, a Consellería recoñeceu que no caso de primaria, apenas habería repercusión no orzamento, xa que “non se modificou a lei de catálogos”. Esta afirmación aínda fai máis incomprendible a postura da Consellería.

Hai que recordar que as organizacións sindicais están a reclamar a recuperación dun horario lectivo recortado por Feijóo con anterioridade ao RD 14/2012, que vén de ser derrogado polo Goberno do Estado. En concreto, demandábase a volta aos 18 períodos lectivos máximos en secundaria



e aos 21 en primaria, un dereito que xa recuperaron 7 comunidades autónomas. Ademais, recobrar os horarios lectivos subtraídos non significará menos horas de traballo, senón de docencia.

## OS TRABALLADORES DE BARRERAS MANIFESTÁRONSE POLAS RÚAS DE VIGO ESTE MARTES PARA DEMANDAR UNHA SOLUCIÓN XA

**Redacción.-** Os traballadores de Barreras continúan co seu calendario de mobilizacións e este martes protagonizaron unha manifestación polas rúas de Vigo que rematou cunha concentración fronte ao edificio da Xunta e cunha reunión coa delegada do Goberno galego nesta cidades para trasladarlle de primeira man as reivindicacións sindicais, participación activa e comprometida neste conflito, para dar viabilidade a un sector estratéxico como é o do naval.

Os traballadores insisten na necesidade de garantir a reactivación do estaleiro para poder dar cumprimento aos diferentes pedidos existentes.



Se o problema non é financeiro, nin tampouco de capacidade técnica como di o conselleiro, o que non se pode permitir é que os accionistas continúen bloqueando unha saída que permita recuperar a actividade.

Sería unha irresponsabilidade por parte da Xunta non forzar unha solución nesta fase de pre-concurso, antes de que esta situación se complique aínda máis. Os despedimentos e a falla de actividade xa está afectando a máis de 1.000 traballadores.

## NOVA MOBILIZACIÓN CONTRA OS DESPEDIMENTOS EN ABANCA

**Redacción.-** Traballadores e traballadoras de Abanca concentráronse este martes pola mañá fronte á sede central desta entidade na Coruña para denunciar a política de despedimentos continuos e inxustificadas que está a impoñer a entidade bancaria.

Esta, para levar a cabo estes despedimentos, excúsase nun suposto descenso da produtividade que os representantes sindicais non comparten e piden una "Basta xa!" a este modo de xestión dos recursos humanos en Abanca.

Dende FeSMC tamén se anuncia que, de continuar este xeito de actuar, tamén continuarán as accións e protestas por parte dos traballadores e os seus representantes sindicais.



## As traballadoras de axuda a domicilio de Ourense protestan no Concello ante a incertidume polo seu futuro

**Redacción.-** As traballadoras do servizo de axuda a domicilio concentráronse este luns fronte ao Concello de Ourense para demandar unha solución ao seu futuro laboral que a día de hoxe está no aire.

A concesionaria deixará de prestar o servizo o día 30, tras meses de xestión en precario, e o concurso para renovar a concesión quedou deserto. Isto incrementa a incertidume das máis de 200 traballadoras do servizo.



## UGT DENUNCIA A NEGATIVA DE ZARA A PERMITIR A CONCILIACIÓN LABORAL E FAMILIAR

**Redacción.-** A Sección sindical de UGT en Zara, na provincia da Coruña, convocou unha concentración este luns fronte ás portas dos vulgados da cidade herculina para denunciar a negativa da empresa téxtil a permitir a conciliación da vida laboral e familiar dunha das súas traballadoras.

A empresa négase a darlle un horario axeitado para poder coidar do seu fillo, despois de solicitar a traballadora a redución de xornada por coidado dun menor de 12 anos ao seu cargo, achegando todo tipo de xustificacións.

Para FeSMC, resulta difícil de crer que nunha tenda con máis de cen tra-



balladores non se lle poida conceder a unha traballadora, que previamente pediu unha redución de xornada, un horario de mañá ante a imposibilidade de que ninguén da súa familia se faga cargo do rapaz pola tarde.

Parece que a xudicialización das reducións de xornada con concreción horaria estase a converter nunha constante en Inditex, a pesar de tratarse dunha multinacional cun amplo número de traballadores, suficientes para cubrir todas as quendas.

## OS TRABALLADORES DE NOSTIÁN ANUNCIAN FOLGA INDEFINIDA A PARTIR DO 8 ANTE O ERTE ANUNCIADO POLA CONCESIONARIA ALBADA

**Redacción.-** Os traballadores da planta de Nostián anunciaron folga indefinida a partir do día 8 de decembro ante o anuncio da concesionaria Albada de aplicar un ERTE.

A concesionaria Albada, unha filial de Urbaser, intenta impoñer un ERE que os representantes dos traballadores, UGT, CCOO e CIG, cualifican de fraudulento porque foi a propia empresa a que decidiu que a partir do 1 de xaneiro, data na que vence o seu contrato, deixará de precesar o lixo do Consorcio das Mariñas.

Esta decisión reduciría a carga de traballo nun 40%, de aí os denunciados despedimentos, que poderían chegar a 39, polo menos, ata que se renove a concesión, e o prazo que dan é de 24 meses, denunciou Julio Maceiras, presidente do Comité de empresa (UGT).

A situación acompáñase de ausen-



cia total de negociación cun convenio colectivo que tamén expira o día 1 de xaneiro.

## Responsables de grandes organizacións españolas protagonizan a campaña 'Descubre a FP'

**Redacción.-** Fundación ATRESMEDIA e Fundación MAPFRE, baixo o proxecto 'Descubre a FP', estean unha nova entrega da campaña protagonizada por líderes e dirixentes de grandes entidades baixo o lema 'Xuntos pola educación e a empregabilidade xuvenil'.

Un total de doce mensaxes de televisión que contaron co respaldo de directivos de Telefónica, Hispasat, Cámara de Comercio, Merck, MAPFRE, IBM, Meliá, ADIF, Accenture, Mahou, Renault, L'Oréal e, nesta ocasión, cos secretarios xerais de UGT e CCOO.

Ao longo do ano 2019, Fundación ATRESMEDIA e Fundación MAPFRE recolleron testemuños de presidentes e CEOs de entidades referentes no mercado laboral que inclúen perfís de Formación Profesional dentro do seu persoal.

Os secretarios xerais da Unión Xeral de Traballadores (UGT) e a Confederación Sindical de Comisións Obreiras (CCOO) son os protagonistas desta nova entrega, que se emite nas canles do Grupo ATRESMEDIA, do 18 ao 30 de novembro, co obxectivo de impulsar a Formación Profesional como un ensino práctico e de futuro.

## UGT GAÑA AS ELECCIÓNS EN "R"

**Redacción.-** UGT vén de gañar as eleccións sindicais en "R" Cable Coruña, obtendo seis delegados.

Pola súa banda, CCOO obtivo os outros tres restantes.

FeSMC agradece a confianza depositada polos traballadores da empresa de comunicacións na candidatura de UGT, tanto polo traballo feito ata o de agora, como polo proxecto que se presenta de cara ao futuro.

## CENTOS DE PERSOAS MOBILIZÁRONSE NAS CIDADES E VILAS GALEGAS CONTRA O GOLPE Á DEMOCRACIA EN BOLIVIA

**Redacción.-** Centos de persoas participaron nas concentracións convocadas na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía para manifestar a súa repulsa ao golpe á democracia en Bolivia.

Neste contexto, UGT reitera o seu rexeitamento ao golpe cívico militar en Bolivia e chama a que as institucións democráticas do país andino retomen o control de Bolivia para resolver, nun marco de eleccións libres e xustas, e non violencia, a situación. Así mesmo, o Sindicato manifesta o seu profundo rexeitamento á violencia exercida pola ultradereita, o exército e a policía e esixe que se respecte a integridade física dos membros do Goberno presidido por Evo Morales e polos seus simpatizantes, incluídos os compañeiros sindicalistas de



Bolivia, que tamén foron vítimas de episodios violentos.

Por último, UGT insta ao Goberno de España e ás institucións europeas a que

asuman un posicionamento de respecto á democracia en Bolivia, cunha clara condena ao golpe e a que realicen os esforzos suficientes para garantir a paz e eleccións libres en Bolivia.

## UGT PIDE UN PROTOCOLO ESPECÍFICO PARA COMBATER O CIBERACOSO LABORAL

**O Sindicato chama á participación nas mobilizacións convocadas co gallo deste 25N, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres**

**Redacción.-** A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, afirmou que "a violencia machista é unha manifestación do fracaso das nosas sociedades, especialmente das que se din avanzadas. É unha secuela endémica que vai en aumento porque, ademais as novas tecnoloxías que, sen dúbida son moi positivas, xeraron novas formas de exercer a violencia contra as mulleres ao facilitar condutas de control, intimidación, acoso e humillación".

Neste sentido, alertou sobre as novas formas de exercer a violencia contra as mulleres, ao albur das novas tecnoloxías, como o ciberacoso, demandou unha regulación específica sobre esta materia e destacou o Protocolo Xeral de actuación, asinado en setembro, polo Ministerio de Traballo e as Axencia Española de Protección de Datos, que entre outras cousas mandata aos axentes sociais que, a través do diálogo social, acorden un protocolo específico para actuar no suposto de acoso dixital no traballo.

Así, Antoñanzas destacou que "o uso da internet, de dispositivos móbiles, redes sociais e servizos de mensaxería instantánea ou xeolocalización deron pé a novas formas de exercer a violencia contra as mulleres, facilitando condutas de control, intimidación, ameazas, acoso e humillación". Algo que confirma un estudo publicado en



2018 polo propio Parlamento, segundo o cal "as mulleres están a ser especificamente atacadas pola violencia cibernética e que as máis novas están ameazadas, sobre todo, polo acoso sexual e o acoso sexista. Así, o 20% das mulleres novas da UE sufriron acoso sexual cibernético, e o 14% das mulleres sufriron acoso cibernético desde os 15 anos.

Antoñanzas sinalou que, aínda que o noso Código penal tipifica este delito e perséguo, é precisa unha regulación específica e actuar nas empresas, para o que fai falta información e formación. Trátase de previr e poder detectar os casos de ciberacoso e que se poida presentar reclamación, canto antes, a fin de minimizar a difusión dos contidos na internet e evitar un prexuízo maior. Neste sentido, o Protocolo asinado polo Ministerio e a AEPD ten como

obxectivo "converterse nun instrumento que impulse o coñecemento e a difusión entre as organizacións empresariais e sindicais, das responsabilidades penais, cívicas, laborais, e de Seguridade Social, e administrativas deste tipo de comportamentos. Trátase de mellorar o grao de concienciación de todos sobre este grave problema e fomentar a difusión sobre os medios para facer fronte a estas situacións, entre as que se atopa a de presentar reclamación ante a AEPD.

### Eliminar as desigualdades en todos os ámbitos

A vicesecretaría xeral de UGT, que fixo estas declaracións durante a rolda de prensa con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia sobre a mu-

ller, que se celebra o 25 de novembro, manifestou que “non será posible acabar coa violencia de xénero mentres que non eliminemos a discriminación e a desigualdade que sofren as mulleres en todos os ámbitos e niveis”. Para iso fan falta políticas eficaces e recursos económicos.

Así mesmo, sinalou que “o emprego é fundamental para combater a violencia de xénero, porque para facer fronte a estas situacións é necesario que a muller sexa independente economicamente”. Lembrou que, segundo un estudo da UE, o 82,5% das mulleres que sufriron violencia son pouco independentes economicamente, que o 59% estaban en situación de desemprego, e que o 71% das vítimas destacaba o desemprego e as situacións de precariedade como os principais freos para denunciar.

Así mesmo, dixo que “en España a inserción laboral das mulleres que son vítimas de violencia de xénero debería estar garantida, pero non é así”. As bonificacións á contratación e os contratos de substitución non funcionan correctamente.

Así, as empresas apenas utilizan as bonificacións ou reducións de cotizacións para contratar a unha vítima de violencia de xénero (o 0,009% no período de 2003 a 2016) e cando se utilizan é para contratos precarios e temporais (o 74%), e apenas para indefinidos (só o 26%).

## A violencia de xénero en España

A vicesecretaria xeral de UGT lembrou que entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de outubro de 2019, en España foron asasinadas 1.026 mulleres a mans das súas parellas ou exparellas e que só nos 10 primeiros meses deste ano foron asasinadas 50 mulleres pola violencia machista, tantas como en todo 2018, e foron asasinados 3

menores e 41 quedaron orfos.

Tamén, lembrou a violencia psicolóxica, sexual e económica que sofren as mulleres. No noso país, en 2018 o número de denuncias por violencia sobre as mulleres exercida pola parella ou exparella foi de 166.961, un 0,4% máis que en 2017.

Por outra banda, segundo os anuarios do Ministerio de Interior ese ano os delitos contra a liberdade sexual ascenderon a 13.811 (un 18% máis que en 2017) e producíronse 1.702 violacións (un 22,7% máis que en 2017), é dicir, producíronse case 5 violacións ao día.

## Moitos máis casos dos que se denuncian

Antoñanzas lembrou que hai moitos máis casos de violencia de xénero dos que parece. “Faltan datos oficiais, hai medo a denunciar por falta de políticas de protección adecuadas. Só coñecemos a punta do iceberg dunha realidade que está presente na nosa sociedade”.

Así mesmo, destacou que “as mulleres tardan moito tempo en pedir axuda, tardan unha de media de entre 8 anos e 8 meses en contar a súa situación”.

## O acoso sexual e o acoso por razón de sexo, un fenómeno habitual, pero invisible

Dixo que “o acoso sexual e o acoso por razón de sexo é frecuente pero pouco visible por “a escasa sensibilización social, o medo ao despedimento, ou ao illamento da vítima no lugar de traballo. Moi poucas veces é sancionado. Ademais, é difícil conseguir probas”.

De feito, segundo o último Informe “A

violencia e o acoso laboral en Europa 2015, da Fundación Eurofound”, en España denúncianse só o 8% dos casos de mobbing (no que se engloban todas as formas de acoso no traballo, incluído o acoso sexual e por razón de xénero), mentres que a media europea é do 14,9%.

Manifestou que, ademais, o acoso por razón de sexo non se atopa recollido no Código penal, “regulación que debería incluírse no mesmo”.

A pesar de que en España non contamos con datos oficiais sobre o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo, segundo datos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, entre 2008 e 2017, 2.666 persoas víronse afectadas por infraccións en materia de acoso sexual no traballo, e 2.170 por infraccións en materia de acoso por razón de sexo, o que supón, sumando os dous tipos de infracción, máis dunha diaria (1,25 diarias).

Respecto ás actuacións da Inspección de Traballo, dixo que en 2017 realizáronse 460 actuacións por acoso sexual no traballo, cun resultado de 5 infraccións; e que houbo 167 actuacións por acoso por razón de sexo, cun resultado de 3 infraccións.

Por iso, avogou por seguir avanzando na implantación de plans de igualdade e protocolos contra o acoso sexual e por razón de sexo no traballo, que recollan procedementos eficaces, transparentes e confidenciais para xestionar as denuncias, así como sancións duras e disuasorias para os agresores.

A implantación dos devanditos protocolos debería chegar ás empresas da man da negociación colectiva e froito do consenso no marco do diálogo social.

Por último, demandou unha normativa integral para erradicar a violencia de xénero.

## UGT APOIA O PARO NACIONAL EN COLOMBIA

**Redacción.** A Unión Xeral de Traballadores apoiou o paro nacional que se celebrou en Colombia durante a xornada do xoves, 21 de novembro, convocado polas centrais sindicais, organizacións estudantís, sociais e agrarias. Esta convocatoria supón un importante paso para os sectores progresistas da sociedade colombiana, que trasladan ao goberno de Duque unha mensaxe de unidade e fortaleza social ante a difícil situación que atravesamos en forma de precariedade, represión e ameaza á paz no país.

A convocatoria do paro é, ademais, unha oportunidade para que o Goberno colombiano escoite o rexeitamento social ante a súa vontade de impoñer reformas regresivas en

materia laboral, fiscal e de pensións. O partido de goberno, o Centro Democrático, promoveu proxectos de lei de flexibilización laboral e o ministro de Facenda fixo públicas as súas intencións de modificar o sistema de pensións mediante a redución das súas contías. A evidente intención de recorte de dereitos do Goberno colombiano xa fora rotundamente contestada polos traballadores e a sociedade deste país o pasado abril en rexeitamento ao Plan Nacional de desenvolvemento, que ameaza as condicións de vida e oportunidades da maior parte da sociedade colombiana.

Outra cuestión fundamental exposta polas organizacións sindicais e sociais de Colombia

é a existencia de garantía, por parte do Estado, do dereito de protesta e organización sindical en todo o territorio. Centos de líderes sindicais e sociais son asasinados no país suramericano cada ano, cando se cumpren case tres anos da firma dos acordos de paz. Respecto a isto último, a situación en Colombia non é de optimismo, posto que o goberno de Duque tentou desmontar a súa implementación mediante intentos de modificación do seu contido e falta de compromiso no desenvolvemento dalgúns dos seus puntos fundamentais, como a falta de financiamento dos programas de reinserción de ex guerrilleiros, que ven cada vez máis ameazados pola violencia de grupos paramilitares vinculados a relevantes figuras da dereita colombiana.

## UGT ESIXE AO BANCO DE ESPAÑA QUE NON SEMENTE DÚBIDAS E TEMORES SOBRE O SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores denuncia a continua obsesión e fixación do Banco de España en relación ás pensións públicas no noso país. Por máis que se demostra que os máis seguros, solidarios e equitativos son os sistemas públicos, sempre parece preferir os privados e fomentar temores infundados respecto a a sustentabilidade do sistema público, cando é xusto o contrario.

Para UGT, a sustentabilidade do sistema público de pensións está totalmente garantida, se se deroga dunha vez a reforma do ano 2013. Dino ata organismos oficiais como a AiREF e a propia Seguridade Social, que afirman categoricamente que o gasto futuro en pensións públicas é, con hipóteses razoables e sen esta reforma, totalmente sustentable. É dicir, contando coa xubilación da xeración do “baby boom”, coa revalorización das pensións sobre o IPC e cunhas taxas de substitución supostamente elevadas (algo pouco certo), o gasto en pensións en 2050 será en España inferior ao de 11 países da UE (a maioría deles da nosa área occidental).

Pero, para iso, hai que derrogar de maneira inmediata a reforma que implantou o Goberno do PP en 2013, suprimindo

os seus tremendos recortes que, ademais de innecesarios e inxustificadas, de aplicarse reducirían as pensións públicas en España a niveis de pobreza.

O que non pode pretender o Banco de España é desenvolver os sistemas de aforo privado en pensións utilizando os recortes das pensións públicas, nin implementando regresivas deducións fiscais. Para o sindicato, isto sería inadmisíbel.

### O Banco de España debería defender os sistemas públicos en lugar de modelos de negocio privados

En relación coa necesidade de elevar a idade de xubilación, o Banco de España volve equivocarse. Esa idade xa se elevou ata os 67 anos no Acordo Social de 2011 entre os interlocutores sociais e o Goberno, aínda que mantendo a xubilación aos 65 anos cando o período cotizado é moi longo, e aínda estará a crecer ata 2027.

Para UGT, o problema real está na diferenza entre as dúas idades legais e a idade efectiva de xubilación, moito máis

baixa debido á expulsión, contra a súa vontade na inmensa maioría dos casos, dos traballadores de máis idade que ven recortados á súa pesar os dereitos de pensións.

Cuestión que, para o sindicato, necesariamente habería que corrixis.

Doutra banda, sinalar illadamente o aumento da proporción de persoas que vivirán máis anos, sen xustificar que iso conleve un gasto insustentable en pensións, só conduce a crear unha sensación equivocada respecto á insostenibilidade do gasto en pensións. Ademais, o aumento da esperanza de vida recorta con especial intensidade as pensións privadas, en tanto que as públicas dispoñen de moitos máis mecanismos para facer fronte a ese efecto sen necesidade de deteriorar as pensións.

Por todo iso, a Unión Xeral de Traballadores reclama ao Banco de España, organismo público, que se centre en exercer ben o seu traballo, como é a supervisión das entidades financeiras, e avogue máis polos sistemas públicos que polos privados, que priman máis o interese económico que o benestar dos cidadáns e cidadás do noso país.

## HAI QUE AUMENTAR A PREVENCIÓN NAS EMPRESAS DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

**Redacción.-** A secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT, Ana García de la Torre, sinalou que “é evidente que o factor de xénero non foi tido suficientemente en consideración polas políticas de seguridade e saúde laboral, senón que unicamente atopamos unha maior atención e protección nos temas relacionados coa maternidade e as situacións vinculadas á mesma”.

“Cando en realidade”, considerou, “é que a perspectiva de xénero aplicada á saúde laboral debe abordarse desde un enfoque máis amplo e implica a atención ás diferenzas de xénero en canto á exposición aos riscos, a prevención destes e as diferentes consecuencias que teñen para a saúde”.

Ana García de la Torre realizou estas declaracións durante a súa intervención nas xornadas sobre prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero organizadas pola Universitat Oberta de Catalunya (UOC), onde afirmou que “as mu-

lleres son principalmente as que traballan en actividades ou sectores relacionados coa atención ou cuidados a terceiros e en educación. Os homes están maiormente representados en traballos de dirección, manuais e técnicos, ademais de manexo de maquinaria ou instalacións. No caso da industria, tamén se pode observar que hai sectores onde a representación da muller é maior que a do home, por exemplo o sector téxtil ou agroalimentario”.

Por tanto, manifestou que “homes e mulleres están expostos diariamente no seu traballo a diferentes riscos laborais dada a evidente segregación do mercado laboral. A lexislación establece que debe garantirse a protección tanto dos traballadores como das traballadoras e así evitar danos á saúde que poidan derivar en incapacidades laborais debidas a lesións ou enfermidades relacionadas co traballo. Por iso, as contornas nas que os traballadores

e traballadoras desenvolven as súas actividades deben ser contornas seguras e sas, independentemente do sector no que desempeñan as súas labores”.

Por iso, reclamou “unha maior prevención nas empresas desde a perspectiva de xénero, desde que se identifican os riscos ante os que están expostos os traballadores e traballadoras, avalíanse en función da persoa que está exposta e impleméntanse as medidas preventivas e correctivas pertinentes. Hai que deixar de facer prevención enfocada ao xénero masculino e empezar a ter en conta á posición das mulleres na contorna laboral”.

